

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	3º ESO	3	105

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	29
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	31

## 1. Introducción

A materia de Xeografía e Historia de 3º ESO contribúe á percepción e á análise dunha realidade cada vez máis diversa e cambiante. A comprensión do seu devir a través do tempo e do espazo, e a análise do cambio como froito da acción humana implica concibir a aprendizaxe do alumnado como unha invitación ao coñecemento de si mesmo e do mundo que o rodea, á participación e ao compromiso social.

Os obxectivos da materia confírenlle un perfil pertinente no desenvolvemento de dimensións fundamentais da aprendizaxe, como son o traballo sobre a información e as súas fontes a través de recursos variados, incluídos os dixitais, a contextualización das aprendizaxes na contorna local e global, o interese polos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, o exercicio da solidariedade e a cohesión social, o respecto á diversidade cultural e ás diferentes identidades, o afrontar a convivencia e os

conflitos empregando o xuízo ético baseado en valores e prácticas democráticas, a valoración e conservación do patrimonio, a defensa da igualdade real entre mulleres e homes, así como a loita contra calquera tipo de discriminación.

A avaliación dos obxectivos realízase a través dos criterios de avaliación, que miden tanto os resultados como os procesos dunha maneira aberta, flexible e interconectada dentro do currículo. Establécense certas etapas históricas e determinados ámbitos temáticos nos distintos cursos, pero a progresión de contidos está condicionada principalmente pola complexidade dos procesos que se poñen en acción e a madurez persoal e cívica do alumnado, acorde co seu desenvolvemento e capacidades.

Neste sentido, os criterios de avaliación e os contidos, estruturados por cursos e en tres bloques, son concibidos como unha meta e non só como unha base da que partir, situando no alumnado o protagonismo na súa construción para dotalos de significado e comprender con eles o mundo no que vive.

O primeiro dos bloques, «Retos do mundo actual», contribúe a que no curso se preste especial atención aos desafíos e problemas do presente e da contorna local e global, e está destinado a espertar no alumnado unha mirada crítica e responsable.

O bloque de «Sociedades e territorios» está orientado á aplicación de estratexias e métodos das ciencias sociais e, en concreto, dos procedementos e das técnicas que achegan a xeografía e a historia, a través de metodoloxías como poden ser o traballo por proxectos, o desenvolvemento de experiencias de investigación e outras propostas baseadas na indución e a experimentación.

O terceiro bloque de obxectivos, «Compromiso cívico local e global», subliña a importancia deste compoñente que integra, ademais de valores e actitudes (tolerancia, respecto, compromiso...), outros ámbitos asociados ao desenvolvemento persoal do alumnado, como poden ser o sentido da responsabilidade, o desenvolvemento do espírito crítico, a capacidade para crear unha opinión propia, ou o sentirse parte activa do devir da sociedade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O equilibrio entre o medio natural e a actividade humana	O medio natural sustenta a vida e o desenvolvemento humano. É un todo do que obtemos recursos fundamentais: o aire que respiramos, a auga para beber, a terra que cultivamos, a enerxía que nos move...Do seu bo estado de saúde dependen, xa que logo, a nosa supervivencia e tamén a das xeracións futuras. Ao ritmo vertixinoso con que transformamos o relevo, contaminamos o solos, as augos e oaire, e xeramos residuos non lle damos á natureza a posibilidade de autorregularse para manter o equilibrio. É o noso deber medir, planificar e reducir o noso impacto ambiental	4	9	X		
2	O futuro dunha poboación que envellece.	Na actualidade, dúas características definen a tendencia da poboación mundial: a desaceleración do ritmo de crecemento demográfico respecto ao século pasado e o envellecemento das sociedades, que se manifesta nun aumento do conxunto de persoas que teñen 65 ou máis anos de idade. Este envellecemento empeza a cuestionar o progreso económico e o benestar social que coñecemos. A poboación traballadora, que cos seus impostos financia os gastos sociais do Estado, ten que manter un número crecente de persoas xubiladas, e os gastos sociais destinados a cubrir as necesidades da poboación maior dispáranse	12	12	X		
3	A economía mundial. Como nos afecta a globalización?	As dúas primeiras décadas do século XXI coñeceron dúas crises mundiais que supuxeron un freo a un crecemento económico que parecía imparabile: a crise financeira orixinada nos EEUU en outubro de 2007, que se globalizou ao ano seguinte,	12	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A economía mundial. Como nos afecta a globalización?	<p>e a provocada pola pandemia da COVID-19 en 2020, da que a xestión por parte dos países contribuíu a intensificar as diferenzas de crecemento entre eles.</p> <p>Tras esas crises, as actividades económicas e o emprego mundiais estánse recuperando, pero millóns de persoas seguen sen ter un emprego formal, estable e cuns ingresos que lles permiten gozar dun mínimo benestar material.</p>	12	12	X		
4	A produción de alimentos, clave na Axenda 2030	<p>Moi poucos países desenvolvidos experimentación un crecemento económico sen unha revolución agrícola previa que, mediante a introdución de maquinaria e técnicas de cultivo modernas, lógrase aumentar a produción e a produtividade. Por iso, aínda que hoxe nestes países o sector primario só emprega entre 1% o e 4% da poboación ocupada, a súa produción crece por riba das necesidades alimentarias.</p> <p>Iso non ocorreu nos países menos desenvolvidos, en que a agricultura constitúe o sostemento das economías, pero está. en xeral, moi pouco tecnificada, polo que a produción resulta insuficiente para unha poboación en alarmante crecemento.</p>	12	12		X	
5	A necesidade dunha industria máis sobile.	<p>O sector secundario desempeña un papel clave no crecemento económico e na creación de emprego dos países, e del depende o desenvolvemento de moitas actividades doutros sectores económicos. Ademais, o modo en que realiza a produción é fundamental paa a sostibilidade ambiental, pois as actividades industriais son responsables do 21% do total das emisións de gases de efecto invernadoiro.</p> <p>Os avances tecnolóxicos aplicados ao sector van encamiñados a aumentar a produtividade e competitividade e minimizar o impacto ambiental, pero non todos os países teñen acceso a eles.</p>	12	12		X	
6	Comercio transporte: motor e reto da economía.	<p>Na actualidade, asistimos a unha terciarización das economías mundiais pois a medida que as sociedades alcanzan niveis máis altos de desenvolvemento, maior é a demanada de servizos. Nos países avanzados, estes constitúen a base do seu crecemento económico e do maior benestar das súas poboacións.</p> <p>O comercio é o servizo que xera máis riqueza e emprego. A súa eficacia, no comercio tradicional e no electrónico,</p>	12	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Comercio transporte: motor e reto da economía.	depende doutro servizo esencial: o transporte, que debe contar cuns medios e cunhas infraestruturas adecuados. Así mesmo, é esencial que ambos os servizos sexan sostibles para mitigar o cambio climático e garantir un progreso duradeiro.	12	12		X	
7	Outros servizos básicos para a economía e o benestar	O turismo e outros servizos, como os financeiros, de información e comunicación, os servizos a empresas e os servizos persoais e sociais representan unha parte moi importante do crecemento económico e do benestar social dos países, en particular dos de ingreso alto e tecnolóxicamente avanzados. A terciarización das economías mundiais esixe que tanto as empresas que prestan servizos coma quen os utilizan fagan o necesario para reducir ao máximo o impacto ambiental, sobre todo o turismo, para poder cumprir co Axenda 2030. Nela, a produción e o consumo resopnsables constitúen un obxectivo transversal esencial.	12	12			X
8	Os retos do mundo globalizado	O 10% da poboación máis rica percibe o 40% dos ingresos mundiais, mentres que o 10% máis pobre obtén entre o 2% e o 7%. Estes son algúns dos datos que reflicten as enormes diferenzas económicas e sociais que existen no planeta, non só entre os países, tamén dentro de cada un deles. Estas diferenzas poñen de manifesto a vulnerabilidade da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, que recoñece a igualdade de todas as persoas en dignidade e dereitos. Pero as que se atopan en situación de pobreza non gozan das mesmas oportunidades ca as que non a sofren, e é esta privación a que lles impide á súa vez saír da pobreza	12	12			X
9	A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo conemporáneo	No século XVIII, o fanatismo foi dándolles paso a razón, a superstición, ao coñecemento. A razón e a ciencia convertéronse nas verdades incuestionables para o progreso da humanidade. Todo iso implicaba unha actitude, a de atreverse a coñecer. A defensa da liberdade, a crítica social e o afán por loitar contra a ignorancia fragmentaron en Europa as sólidas bases do Antigo Réxime. Esta nova forma de pensar, baseada nas idea ilustradas, difundíuse rapidamente e converteu o século XVIII no Século das Luces e no xerme do mundo contemporáneo.	12	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O equilibrio entre o medio natural e a actividade humana	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Produce un texto escrito analizar e describindo os efectos do cambio climático e quencemento global.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Física e Humana utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Producir un texto escrito sinalando os factores que condicionan o clima do planeta.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Realiza unha táboa cas características das diferentes áreas climáticas do planeta.	TI	30
CA2.5 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos, mostrando comportamentos orientados ao logro dun desenvolvemento sustentable das devanditas contornas, e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Recoller información sobre os principais problemas mediambientais da túa contorna e producir un texto escrito de síntese.		
CA3.2 - Realizar propostas que contribúan ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Recoller imaxes no teu smartphone ou camara de fotos sobre a contaminación na túa contorna		
CA3.6 - Contribuír ao benestar individual e colectivo a través do deseño, exposición e posta en práctica de iniciativas orientadas a promover un compromiso activo cos valores comúns, a mellora da contorna e o servizo á comunidade.	Elaborar un poster alertando a comunidade educativa dun problema mediambiental da túa contorna.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Adoptar un papel activo e comprometido coa contorna, de acordo con aptitudes, aspiracións, intereses e valores propios, a partir da análise crítica da realidade económica, da distribución e xestión do traballo, e a adopción de hábitos responsables, saudables, sustentables e respectuosos coa dignidade humana e a doutros seres vivos, así como da reflexión ética ante os usos da tecnoloxía e a xestión do tempo libre.	Producir un texto oral explicando aos compañeiros/as cales son os principais problemas mediambientais da túa contorna e desenvolver estratexias de mellora e coidado mediambiental.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O futuro dunha poboación que envellece.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análiza e compara datos a través de diversas fontes de información xeográfica producido textos escritos nos que responda a cuestións relacionadas cas dinámicas demográficas.		
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Demografía e Xeografía humana	PE	70
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos transferindo adecuadamente información e o coñecemento das dinámicas demográficas actuais a diferentes escalas xeográficas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos que condicionan as dinámicas demográficas actuáis dos países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos das dinámicas demográficas de Galicia		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produción de textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca Demografía e a Xeografía Humana.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de fontes de información relacionadas ca Demografía e a Xeografía Humana.		
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Reflexionar de forma individual ou colectiva sobre a realidade de dinámicas demográficas de diferentes territorios tendo en conta conceptos clave da unidade.	TI	30
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Analizar as diferencias dos os movementos migratorios nun mapa de fluxos e sinalarnun texto oral ou escrito cales son os territorios que soportan unha maior carga migratoria e a conflictividade asociada a este proceso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Globalización. Os movementos migratorios e interculturalidade no ámbito mundial. Conflitos ideolóxicos e etnoculturais.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Diversidade social, etnocultural e de xénero. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe en sociedades abertas. Historia e recoñecemento do pobo xitano e outras minorías étnicas do noso país. España, país de migrantes. Novas formas de identificación cultural.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Os ciclos e réximes demográficos. O reto demográfico en España e Galicia: Envellecemento e políticas demográficas. Cambios dos modos de vida e dos modelos de organización social.</li> <li>- Interpretación do territorio e da paisaxe. Do éxodo rural á concentración urbana. O problema do despoboamento rural no ámbito estatal e autonómico. Ordenación do territorio e transformación do espazo. A importancia do espazo público. A pegada humana e a protección do medio natural.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A economía mundial. Como nos afecta a globalización?	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análiza diversas fontes de información xeográfica producido textos escritos nos que analice as características das potencias económicas tradicionais e as emerxentes.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Económica e Humana utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos transferindo adecuadamente información e o coñecemento sobre os diferentes sistemas económicos actuais e as súas características		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos que determinaron a economía globalizada e estable relacións de causalidade e consecuencialidade a nivel territorial		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos das dinámicas económicas mundiais actuais.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produción de textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca Xeografía Económica e Xeografía Humana.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de fontes de información relacionadas ca Globalización e o protagonismo das multinacionais na economía mundial	TI	30
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Reflexionar de forma individual ou colectiva sobre a realidade económica mundial e o proceso de terciarización en diferentes territorios tendo en conta conceptos clave da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> </ul>

Contidos
- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.
- Emprego e traballo na sociedade da información, aprendizaxe permanente e ao longo de toda a vida.

UD	Título da UD	Duración
4	A produción de alimentos, clave na Axenda 2030	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análizar diversas fontes de información xeográfica e producir textos escritos nos que responda a cuestións relacionadas cos diferentes sistemas agrarios mundiais.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Definir e utilizar correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Económica, Xeografía Rural e Agraria utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Producir textos escritos transferindo adecuadamente información e o coñecemento sobre sistemas agrarios actuais a diferentes escalas xeográficas.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identificar os principais feitos históricos que condicionan o sector primario nos países desenvolvidos e en vías de desenvolvemento.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dosieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establecer conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos do comportamento do sector primario a diferentes escalas territoriais e temporais.	TI	30
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Producir textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca Xeografía económica e xeografía rural e agraria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de fontes de información relacionadas que permitan explicar as sistemas agrícolas		
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Identificar e analizar diferentes elementos de paisaxes agrícolas da contorna e doutros lugares para comprender os características da agricultura tradicional e tecnificada.		
CA3.3 - Entender e afrontar, desde un enfoque ecosocial, problemas e desafíos pasados, actuais ou futuros das sociedades contemporáneas tendo en conta as súas relacións de interdependencia e ecodpendencia.	Identificar e afrontar os problemas medioambientais provocados pola actividades do sector primario na túa contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A necesidade dunha industria máis sotible.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análiza diversas fontes de información xeográfica producido textos escritos nos que reflexione sobre a dependencia enerxética actual.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Económica e do sector secundario utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos transferindo adecuadamente información e coñecemento sobre os factores de localización industrial a diferentes escalas xeográficas.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos que condicionan as actividades industriais a diferentes escalas territoriais.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos do sector secundario en España de Galicia.	TI	30
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produce textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca Xeografía económica e as características do sector secundario a diferentes escalas espaciais e temporais		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de ferramentas de información explicando a relación entre o sector secundario e o proceso de globalización no planeta.		
CA1.3 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro, aplicando métodos e proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, así como de medios accesibles de interpretación de imaxes.	Reflexiona de forma individual ou colectiva sobre o procedemento de deslocalización produtiva e as súas consecuencias en diferentes territorios tendo en conta conceptos clave da unidade		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- A industrialización en Europa, España e Galicia. Transicións, revolucións, permanencias e cambios na nova orde mundial. Nacemento dunha nova sociedade.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita polos dereitos laborais e sociais: o estado do benestar.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Comercio transporte: motor e reto da economía.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análiza diversas fontes de información xeográfica producido textos escritos nos que responda a cuestións relacionadas cos diferentes sistemas de transportes mundial e a súa sustentabilidade.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Económica e dos servizos utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos transferindo adecuadamente información e o coñecemento sobre os dinámicas do comercio mundial a diferentes escalas xeográficas.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos que condicionan o transporte mundial e o auxe dos contenedores establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade a diferentes escalas territoriais.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflictan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos das dinámicas do sector terciario en España e Galicia.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produce de textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca Xeografía económica e dos servizos.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de ferramentas de información relacionadas cas diferentes actividades económicas que compoñen o sector servizos.	TI	30
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Reflexiona de forma individual ou colectiva sobre o proceso de terciarización económica en diferentes territorios tendo en conta conceptos clave da unidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Emerxencia climática e sustentabilidade. Relación entre factores naturais e antrópicos. Modificacións, efectos e ameazas na Terra e a contorna próxima de España e Galicia. Os avances tecnolóxicos e a conciencia ecosocial.</li> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Dilemas e incertezas ante o crecemento, a empregabilidade e a sustentabilidade.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Outros servizos básicos para a economía e o benestar	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análiza diversas fontes de información xeográfica producido textos escritos nexplicando as consecuencias da turistificación en diferentes escalas territoriais.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Económica e dos servizos utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos transferindo adecuadamente información e coñecemento das actividades e servizos financeiros a nivel mundial en a diferentes escalas xeográficas.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos, as causas e as consecuencias que levaron ao "monocultivo" do turismo en España.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións analizando o proceso de turistificación do Camiño de Santiago.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produce de textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca Xeografía humana e dos servizos.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de ferramentas de información e diseña un produto turístico aplicando os conceptos clave da materia.		
CA1.4 - Identificar os elementos da contorna e comprender o seu funcionamento como un sistema complexo por medio da análise multicausal das súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Reflexiona de forma individual ou colectiva sobre a sustentabilidade do turismo na actualidade en diferentes escalas territoriais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Estruturas económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A euronrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Organización política das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional como garante do desenvolvemento de dereitos e liberdades para o exercicio da cidadanía. Cidadanía europea e cosmopolita.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Os retos do mundo globalizado	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Análiza diversas fontes de información xeográfica producido textos escritos nos que reflexiones sobre a pobreza infantil e a explotación laboral en países en vías de desenvolvemento.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Xeografía Económica e das desigualdades utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos transferindo adecuadamente información e coñecemento valorando os factores que frean o desenvolvemento do Estado a diferentes escalas xeográficas		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos que condicionan a feminización da pobreza sinalando as diferentes formas de discriminación da muller.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos valorando os indicadores do IDH a diferentes escalas territorias.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produce de textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas ca xeografía da desigualdade no planteta.	TI	30
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Xerar produtos orixinais e creativos a través do uso de ferramentas de información para visibilizar a desigualdades no acceso a alimentación no planeta.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Analiza as características a os diferentes niveles de acceso a saúde e benestar no planeta e produce textos orais ou escritos con propositar para paliar a desigualdade no planeta.		
CA2.6 - Coñecer, valorar e exercer responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Explora como a discriminación das mulleres en África limita o desenvolvemento do continente e produce un texto oral no que valores a necesidade de promover a igualdade entre homes e mulleres.		
CA2.7 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social, e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Reflexiona sobre cambio climático no planeta e elabora estratexias para favorecer o impacto ambiental en Galicia		
CA3.5 - Rexeitar actitudes discriminatorias e recoñecer a riqueza da diversidade, a partir da análise da relación entre os aspectos xeográficos, históricos, ecosociais e culturais que conformaron a sociedade globalizada e multicultural actual, e o coñecemento da achega dos movementos en defensa dos dereitos das minorías e en favor da inclusión e a igualdade real, especialmente das mulleres e doutros colectivos discriminados.	Interpretar a través de textos escritos as novas formas de escravitude e producir un texto oral realizando propostas para melloralo mediante un consumo responsable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cultura mediática. Técnicas e métodos das Ciencias Sociais: análise de textos, interpretación e elaboración de mapas, esquemas e sínteses, representación de gráficos e interpretación de imaxes a través de medios dixitais accesibles. Tecnoloxías da información xeográfica.</li> <li>- O global e o local. A investigación en Ciencias Sociais. O estudo multicausal e a análise comparada do espazo natural, rural e urbano. A súa evolución en España e Galicia e os retos de futuro.</li> <li>- Análise e interpretación de conceptos espaciais: localización, escala, conexión e proximidade espacial.</li> <li>- Estructuras económicas no mundo actual: unha economía globalizada. Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia, a súa transformación e evolución. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados. A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- Diversidade social e multiculturalidade. Integración e cohesión social. Medidas e accións en favor da igualdade e da plena inclusión.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	A crise do Antigo Réxime. A orixe do mundo conemporáneo	12

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar procesos de cambio histórico e comparar casos da Historia e a Xeografía a través do uso de fontes de información diversas, tendo en conta as transformacións de curta e longa duración (conxuntura e estrutura), as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Analiza as diferencias entre o sistema político Absolutistas e Parlamentarista a través de fontes históricas e produce un texto escrito.	PE	70
CA2.2 - Utilizar secuencias cronolóxicas complexas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade, duración, causalidade), utilizando termos e conceptos específicos do ámbito da Historia e da Xeografía.	Define e utiliza correctamente termos e conceptos específicos de Historia moderna utilizando secuencias cronolóxicas complexas, relacionando feitos e procesos.		
CA2.3 - Transferir adecuadamente a información e o coñecemento por medio de narracións, pósteres, presentacións, exposicións orais, medios audiovisuais e outros produtos.	Produce textos escritos nos que explica as características da Ilustración.		
CA2.4 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos conformando as bases do mundo contemporáneo e actual; así mesmo, xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente establecendo relacións de causalidade e consecuencialidade que todo acontecemento histórico vai provocar no futuro.	Identifica os principais feitos históricos que levaron ao cambio de dinastía na Monarquía Hispánica durante o século XVIII e indica as consecuencias para o futuro do Estado.		
CA3.1 - Establecer conexións e relacións entre os coñecementos e informacións adquiridos, elaborando sínteses interpretativas e explicativas, mediante informes, estudos ou dossieres informativos, que reflectan un dominio e consolidación dos contidos tratados.	Establece conexións e relacións entre coñecementos e informacións adquiridos sobre características do Despotismo Ilustrado na política de Carlos III	TI	30
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos máis complexas, usando e contrastando criticamente fontes fiables, tanto analóxicas como dixitais, do presente e da historia contemporánea, identificando a desinformación e a manipulación.	Produce de textos orais e escritos respondendo a cuestións relacionadas cas características do Antigo Réxime.		
CA1.2 - Xerar produtos orixinais e creativos mediante a reelaboración de coñecementos previos a través de ferramentas de investigación que permitan explicar problemas presentes e pasados da humanidade a distintas escalas temporais e espaciais, do local ao global, utilizando conceptos, situacións e datos relevantes.	Elabora unha pirámide da sociedade do Antigo Réxime utilizando diferentes obras de arte que reflexen as singularidades de cada grupo social.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Recoñece as desigualdais sociais e económicas que provocaron a crise do Antigo Réxime		
CA2.8 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e a dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais, a través da investigación e a análise dos seus fundamentos xeográficos, históricos, artísticos, ideolóxicos e lingüísticos, e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Recoñece as características da arte Barroca e a súa identificación ca monarquía absoluta e o Antigo Réxime a través de diferentes obras de arte.		
CA3.4 - Recoñecer movementos e causas que xeren unha conciencia solidaria, promovan a cohesión social e traballen para a eliminación da desigualdade, especialmente a motivada por cuestión de xénero, e para o pleno desenvolvemento da cidadanía, mediante a mobilización de coñecementos e estratexias de participación, traballo en equipo, mediación e resolución pacífica de conflitos.	Investigar sobre o papel da muller na Ilustración e realizar unha reseña biográfica sobre a súa labor na ciencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade da información. Procura, tratamento da información, uso de datos en contornas dixitais e avaliación e contraste da fiabilidade das fontes. O problema da desinformación. Uso específico do léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico.</li> <li>- Métodos de investigación no ámbito da Xeografía e da Historia. Metodoloxías do pensamento histórico e do pensamento xeográfico.</li> <li>- As fontes históricas como base para a construción do coñecemento sobre o pasado contemporáneo. Contraste entre interpretacións de historiadores.</li> <li>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e adaptación dos sistemas liberais en España e no mundo a través das fontes.</li> <li>- A chegada a España dunha nova dinastía, uniformismo e reformismo borbónico. Crise do Antigo Réxime en España e Galicia ata 1814. O reformismo ilustrado en Galicia.</li> <li>- O nacemento das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do século XIX e a súa relación coas artes clásicas. A personalidade independente de Goya. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- O patrimonio como ben e como recurso. Posta en valor, difusión e xestión da riqueza patrimonial.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

##### 4.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios metodolóxicos nos que se fundamenta a programación didáctica baséanse na «consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan

a aprendizaxe en equipo».

A metodoloxía de traballo debe partir do aprendizaxe significativo. Coñecida a base da cal partimos, precisamos espertar o interese pola materia no alumnado. O principio de aplicabilidade dos contidos debe cimentar unha aprendizaxe de tipo competencial, onde o aprendido na clase apareza conectado ca realidade e, sobre todo, ca actualidade. Por exemplo botando man de fontes históricas e deseñando actividades que conecten con temas actuais ca materia.

A procura da autonomía do alumnado, onde o profesor, cada vez máis, debe fomentar que o alumno/a sexa capaz de construír os coñecementos por si mesmo posibilitando a toma de decisións. A través do ensaio e erro, o alumnado adquire competencias que son base do currículo como a competencia dixital (CD), competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), competencias cidadá (CC) e o emprendedora (CE). O profesor debe actuar de guía, observado e corrixindo o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. A nivel individual permitindo que o alumno resolva os problemas por si mesmo. A nivel de grupo favorecendo a liberdade a hora de escoller as temáticas, xerando entre compañeiros/as onde desenvolver a súa autonomía e a capacidade de colaboración e cooperación, aprendendo a respectar as diferentes opinións e fomentando a educación e valores.

Outra das claves da motivación é conseguir que o alumnado comprenda a relación entre as distintas materias do curso a través dunha aprendizaxe interdisciplinar na que se traballe de maneira conxunta con outras áreas de coñecemento.

#### 4.2. MÉTODOS DIDÁCTICOS

Os principios didácticos expostos no apartado anterior son a base metodolóxica do traballo na aula. Entre os métodos que utilizaremos podemos encontrar:

**Método expositivo:** fundamentado na lección maxistral na que desenvolvemos unha serie de contidos na aula, parte importante das sesións ao longo do curso, pero sen esquecer a lección comunicativa onde baseada no feedback profesor - alumno/a.

**Método demostrativo:** considerando que o coñecemento debe xurdir desde a análise individual ou de grupo.

**Metodoloxía por descubrimento:** baseándose na autonomía do alumnado, o profesor ofrece recurso que deben ser traballados por eles mesmos, sen intermedicación do profesor para logo sacar conclusión que serán postas en común..

**Metodoloxía interrogativa:** baseada na relación directa entre alumno e profesor a través da pregunta - resposta, efectivo si o que queremos e avaliar a comprensión do alumnado.

**Aprendizaxe cooperativo e colaborativo:** todas as actividades que se fagan en parella ou en grupo deben partir da aprendizaxe cooperativa, que precisa de maior grado de estruturación por parte do profesor para a realización da mesma; e a aprendizaxe colaborativa, que aporta unha maior autonomía ao alumnado que decide como vai a traballar estruturando el mesmo a súas tráneas co resto dos compañeiros.

**A aprendizaxe por proxectos:** cando menos unha vez por trimestre, propoñerase un proxecto de carácter grupal que será traballado no centro utilizando os recursos dispoñibles.

**Aprendizaxe servizo:** dentro dos proxectos que realizamos ao longo do curso, podemos outorgarlle un carácter social ao traballo. Os estudantes, como parte da sociedade, poden contribuír ao benestar da comunidade, por exemplo interactuando con outros espazos do centro educativo ou da barrio. Por exemplo expoñendo os seus proxectos para que o resto do IES poda participar dos resultados

**Gamificación:** a través desta metodoloxía pretendemos que o alumno aprenda e se divirta ao mesmo tempo,

#### 4.3. TIPOS DE ACTIVIDADES

Cinco tipos de actividades en función da secuenciación das UD's e das necesidades de cada alumno/a:

**Actividades introdutorias:** teñen unha dobre función avaliativa e motivacional.

**Actividades de desenvolvemento:** son aquelas que propoñen novos contidos que deben fundamentar as unidades. A característica principal é que a súa complexidade debe ser crecente, partindo de conceptos básicos que logo deberán



poñer en relación con acontecementos históricos en diferentes contextos espazo-temporais.

Actividades de síntese: repasar, recapitular e avaliar as tres funcións das actividades de síntese. Hai de diversos tipos: actividades que pretenden repasar contidos que se traballaron en outras unidades ou sesións; actividades que recapitulan o traballado nun mesmo día como peche de sesión; e actividades de avaliación que se fundamentan en criterios de avaliación e que pretenden avaliar o aprendizaxe do alumnado como unha pequena proba de coñecementos traballados na clase.

Actividades de atención a diversidade: atenden aos distintos ritmos de aprendizaxe. Hai de dous tipos: de reforzo, para o alumnado que non chega a cumprir cos estándares da materia e que precisa repasar contidos, e de ampliación, para o alumnado que consegue cumprir os estándares de aprendizaxe e que precisa ampliar coñecementos. Neste caso, utilizaremos actividades de motivación e ampliación, onde os contidos aparezan escalas máis precisas, por exemplo poñendo en relación acontecementos de carácter xeral co que ocorreu en Galicia ou na nosa localidade.

Actividades complementarias: viaxes, visitas ou charlas que se realizarán fora da aula co fin de complementar os contidos.

#### 4.4. FORMAS DE AGRUPAMENTOS

Ao logo do curso realizaremos actividades de moi diversa índole, tal e como apuntamos no parágrafo anterior, para elo precisaremos agrupar ao alumnado de diferente modo en función do tipo actividade e as necesidades de cada sesión.

Individual: para aquelas aprendizaxes onde o que precisamos e valorar o progreso individual, como avaliación iniciais, actividades para realizar no caderno, exercicios de síntese, análise e interpretación de calquera tipo de material ou a propio proba escrita que sempre se fará de maneira individual.

Por parella: modalidade moi adecuada para traballar actitudes como o traballo en equipo, respecto pola diversidade de opinións e fomento do traballo colaborativo e cooperativo. Como no caso anterior poderase facer en parella desde as actividades de síntese, análise e interpretación de calquera tipo de material.

En grupo: agrupamentos naquelas actividades onde se pretenda desenvolver actitudes de traballo en grupo. Dita modalidade de agrupamento resulta eficiente en actividades de tipo de todo tipo de actividades (iniciais, desenvolvemento, síntese avaliación) ou proxectos. Propia tamén cando utilizamos metodoloxía de gamificación.

En gran grupo: nesta modalidade a clase debe actuar como un conxunto en debates na aula. Desde modo os alumnos deben desenvolver a capacidade de falar en público e respectando a quenda de palabra de cada compañeiro/a. O gran grupo debe actuar como unha asemblea onde cada alumno exprese a súa opinión.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto, mapa político mudo de España, bolígrafos, material funxible, cartulina e ordenador.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

-Realización de probas e actividades individuais para comprobar os coñecementos sobre a materia e o nivel competencial. Cumpre unha dobre función, diagnosticar e motivar. Realizarase en diferentes momentos:

-Ao inicio do curso, para considerar o nivel competencial inicial do alumnado, e detectar posibles NEAE,.

-Ao inicio de cada unidade durante a primeira sesión para diagnosticar o nivel de coñecementos dos contidos da unidade.

- Procedementos de avaliación:

"Formulario de preavaliación KPSI"

"O termómetro da Historia"

"Chuvia de ideas"

"Demuestra o que sabes"

-Instrumentos de avaliación:

Rúbricas.

Listas de cotaxe.

Caderno do profesor.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	<b>30</b>

### Criterios de cualificación:

-70% PARTE TEÓRICA: un exame ao final de cada unidade.

-30% PARTE PRÁCTICA:

10% Traballo diario na aula. (táboa de indicadores);

10% Traballo/proxecto individual ou grupal por unidade (táboa de indicadores);

10% Caderno do alumno: será recollido ao final de cada unidade o día do exame correspondente (táboa de indicadores).

-A NOTA MEDIA DE CADA TRIMESTRE resultará da media aritmética da notas de cada unidade.

-A NOTA FINAL do curso resultará da media aritmética das notas dos tres trimestres.

-Unha vez realizadas a suma das partes teóricas e prácticas, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o

decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior.

- En calquera caso, o comportamento desleal na realización dun traballo ou dun exame (copiar, cambiar os folios do exame, recibir información por medios externos, ou calquera método desleal) será puntuado cun 0.

### **Criterios de recuperación:**

No caso de resultar unha avaliación negativa o alumno/a deberá presentarse a proba de recuperación que se realizará despois de cada avaliación, examinándose dos contidos relativos ás probas escritas que tivera suspensas. Ademais abrirase un prazo de entrega das tarefas non entregadas ao longo da avaliación correspondente.

O alumnado cunha avaliación suspensa poderá pedir ao profesorado a axuda necesaria para preparar con tempo e reforzar aqueles contidos e actividades nos que presente mais dificultades. Der ser o caso, o profesorado poderá facilitar ao alumnado actividades de reforzo para preparación da recuperación.

Se o resultado do avaliación final non alcanzase a nota de 5 o alumno ou alumna terá que presentarse a unha proba escrita do global en xuño dos contidos daquelas avaliación ou probas escritas que non tivera superado durante o curso. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nunha escala de 1 a 10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente. En canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido nos criterios de cualificación.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Ao principio do curso os profesores informarán ao alumnado coa materia pendente de como poderán recuperala. Tanto para os pendentes da ESO, como para os de Bacharelato, o profesorado do Departamento de Xeografía e Historia estará á súa disposición para aclarar dúbidas.

O alumnado coa materia pendente terá que realizar unha serie de exercicios de cada unidade didáctica, dun cartafol entregado polo profesor, que serán entregados antes de cada proba escrita, nunha data previamente establecida. En cada trimestre haberá unha proba escrita a partir dos mesmos exercicios presentados feitos polo alumnado.

Cada unha das tres avaliacións terá unha cualificación que será 1/3 da nota final, a partir dos seguintes criterios de cualificación:

- O 20% da nota se dedicará á valoración do traballo do alumnado a partir dos exercicios establecidos.
- O 80% da nota será para valorar os exames. En calquera caso, o comportamento desleal na realización dun traballo ou dun exame (copiar, cambiar os folios do exame, recibir información por medios externos, ou calquera método desleal) será puntuado cun 0.

Considérase que un alumno acada os obxectivos marcados na materia para a súa promoción cando consegue unha nota mínima dun 5 na avaliación ordinaria. Esta nota obtense do cálculo da media aritmética das tres avaliacións.

En caso de non acadar a avaliación positiva, o profesorado realizará unha proba final escrita durante o mes de maio, onde o alumnado deberá acadar unha nota mínima dun 5 para recuperar a materia pendente.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

As primeiras medidas de atención a diversidade propoñeranse unha vez realizada a avaliación inicial.

Calquera medida adoptada, tanto significativa como non significativa, aplicarase seguindo os Protocolos facilitados pola Consellería de Educación e e baixo a coordinación do Departamento de Xeografía e Historia e o Departamento de Orientación do centro.

As medidas de atención á diversidade danse en dous niveis:

Para o alumnado con dificultades de aprendizaxe levarase a cabo un traballo de reforzo e recuperación cunha proposta de material de traballo adaptado para facerllo máis comprensible. Deste xeito o alumnado con dificultades

pode decatarse dos seus logros e automotívase máis.

Ao alumnado de altas capacidades proporcionaráselle tarefas de ampliación e afondamento. Ditas actividades poden ir sendo cada vez máis complexas segundo as necesidades pero sempre terán un compoñente motivador para evitar que dito alumnado decaia no seu esforzo.

Plantexaranse medidas de reforzo tanto para o alumnado avantaxado como para o que teña dificultades, de acordo coas súas necesidades concretas. En función destas, adaptaremos a metodoloxía (traballo cooperativo, reforzo individual...) de forma que o docente poida atender a ritmos, capacidades e niveis diferentes, favorecendo así que o alumnado acade un nivel mínimo nas súas capacidades lingüísticas e sociais. O material a empregar pode ser unha adaptación do libro de texto seleccionando contidos e tarefas ou un caderno de traballo cos contidos adaptados elaborado polo docente co asesoramento do Departamento de Orientación.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora, expresión oral e escrita,	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Fomentar a comunicación audiovisual, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Fomentar o espírito emprendedor	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A educación cívica, constitucional e en valores democráticos.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - O respecto pola pluralidade e a educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O respecto pola igualdade e a diversidade sexual e de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O respecto pola memoria democrática	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comprensión lectora, expresión oral e escrita,	X
ET.2 - Fomentar a comunicación audiovisual, o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.	X
ET.3 - Fomentar o espírito emprendedor	X
ET.4 - A educación cívica, constitucional e en valores democráticos.	X

	UD 9
ET.5 - O respecto pola pluralidade e a educación para a paz.	X
ET.6 - O respecto pola igualdade e a diversidade sexual e de xénero.	X
ET.7 - O respecto pola memoria democrática	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Excursións de interese didáctico	Saídas dunha xornada relacionadas cos contidos da materia
Visitas a exposicións e museos	Saídas dunha xornada relacionadas cos contidos da materia
Asistencia a charlas	Asistencia en horario lectivo durante.

### Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

-Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.

-Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

-Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Planifica leccións, ensina e avalía
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Crea ambiente de aprendizaxe

Emprega variedade de recursos
Motiva ao alumnado
Ofrece oportunidades de recuperación
Resolve dúbidas
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Revisa a realización das tarefas propostas
Valoración xeral da materia.
Os obxectivos didácticos están ben formulados.
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros.
Os contidos e actividades relacionáronse cos interese do alumnado.
As actividades foron variadas e motivadoras.
A temporalización foi adecuada.
Realizouse a avaliación inicial
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Os criterios de cualificación foron axustados.

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e práctica docente.

En canto á práctica docente, esta realizarase por medio de enquisas e rúbricas que conteñen unha escala de valoración e que xiran entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula.

Este cuestionario en base á responder SI ou NON será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso para ser respondido de forma anónima. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións e reformular a programación e a metodoloxía.

Igual de importante é avaliar o proceso do ensino para o cal dispónse dun cuestionario de autoavaliación cos indicadores de logro puntuables nunha escala de 1 a 10. O cuestionario versa sobre a programación (obxectivos, contidos e temporalización, criterios de avaliación e programación). Sobre o desenvolvemento da programación (contidos, actividades, distribución do tempo, recursos..) e sobre a avaliación (se houbo avaliación inicial, instrumentos axeitados, criterios de cualificación xustos...)

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos a impartir, metodoloxía, etc....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa.

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e este realizarase por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento.

Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo.

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## 9. Outros apartados